

UN CACIQUE MODERNO

Manuel Herminio Iglesias

Hoxe 15 de abril a 78 anos da proclamación da segunda república quero falar un pouco do caciquismo. Sí aquel caciquismo que o réxime republicano quixo eliminar e que a día de hoxe, moito máis moderno e actualizado, aínda sigue presente na nosa sociedade. Ou alomenos así o vexo eu, pois os caciques así o proclaman, sin rubor nos medios públicos. E fanno como si eso, que todos sabemos que existe, pero que non se ve, fora unha forma de actuar e un modelo de orgullo para quen o práctica; fora un estilo legal de administrar o poder dado polas urnas.

Hai uns días un mandatario desta provincia falaba cunha sorna retranqueira de cómo lle cambiara o voto a unha parella de veciños e de cómo os acompañara á votar para comprobar que a papeleta do seu partido entraba na urna. O mandatario alardeaba da súa forma de actuar e, cando alguén lle dicía que o podían demandar diante a xustiza, él cheo de ironía ameazaba con darlle outra palleira nas urnas por seguir perdendo o tempo con estas patrañas.

Xa sei que para que haxa caciquismo teñen que darse tres compoñentes básicos: o primeiro é ter poder; o segundo actuar seguindo os principios de querer perpetuarse no mesmo aproveitando os resortes que este nos dá para tecer unha rede de xente supeditada por favores de tipo persoal, que logo nos axudará no momento clave que son as eleccións. E o terceiro, manexar a esa xente que, ben por necesidade ou por que quere servirse dun atallo para acadar un beneficio persoal, que doutra maneira non podería lograr, acepta ser caciqueada e vender a súa vontade polo favor. Resumindo: para que o caciquismo exista teñen que existir o cacique, e o que se presta a esa forma inmoral de xogo e permite ser caciqueado para acadar un obxectivo doutra maneira inalcanzable.

Se eu dixera que, o caciquismo ten parte da súa orixe no feito da intercesión que lle facemos a un ser que está nun estado superior para pedirle un favor diante un problema que nos é imposible resolver, moitos pensarán que me estou referíndo á sociedade medieval e por alcance as peticións que se lle fan aos santos. Pode ser que algunhas raíces podan vir por ese lado. Pero o certo é que no 2009 e despois de máis de 30 anos de democracia parece un tanto contradictorio de que uns paisanos deixen secruestar a súa vontade electoral pola gracia e polo populismo dunha persoa que so ve a política como o medio para lograr a través do poder cotas de beneficio persoal.

Eu non sei si esta terra xa esta curada de espantos, ou si pola contra ve esta maneira de actuar como algo normal. Como se fose unha peaxe que hai que pagar para poder subsistir nesta provincia convertida en ermo por quen pensa que esto é unha leira na que todo é posible, pero somentes co seu parabén. Non sei si por rebeldía natural ou por

cuestión ética négome a aceptar que unha autoridade política que nos goberna faga gala pública desa maneira burda de actuar.

Que exista certo grado de influencia e de caciquismo pódese aceptar pois, a debilidade dos humanos, moitas veces, supera os valores da ética e da moralidade. Pero que unha autoridade pública faga alarde desa maneira de actuar leva engadido alomenos para min dúas cuestións negativas: a primeira é dar a entender que o proceso electoral en parte está manipulado e que chégase ao poder non para servir se non para servirse del. A segunda, está referida aos valores que unha persoa pública non debe transmitirle á cidadanía, pois o sistema democrático fundaméntase no valor do voto libre e non coaccionado.

En fin que, aínda que non o pareza, hai quen aínda fai gala do caciquismo, polo que a 78 anos da proclamación daquel réxime político que o quería rematar este sigue vixente na nosa sociedade democrática e en ourensá visualízase e persoalízase en que se vanagloria de exercelo.